


Brincadeiras,
xogos e
obradoiros

ANDOBELA
EDUCACIÓN E CULTURA

QUE GARDA O TEU CHINETO?



XUNTA
DE GALICIA


QUE GARDA O TEU CHINEIRO



Preguntácheste algunha vez que gardan os armarios e caixóns vellos das casas?

Hai persoas que alí gardan os refráns, as cantigas, os contos, enredos e brincadeiras que foron aprendendo ao longo da vida, como se de tesouros se tratasen, e, ao abrir as portas e laceras, brotan as palabras listas para xogar.

E que garda o teu chineiro? Abrímolo?



Caderno de xogos, obradoiros e brincadeiras feito por Xandobela | Educación e cultura, como complemento da contada "O chineiro da tía María"
info@xandobela.info ● www.xandobela.info



XANDOBELA
EDUCACIÓN E CULTURA

Este proxecto editouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021-2022 da Xunta de Galicia.


Obradoiros para xogar

Zoadeira de botón

Remexe polos caixóns do chineiro, que de seguro has de atopar o material necesario para construír unha chea de enredos e xoguetes. Nós propoñémosche un par deles.



Precisamos

- Un botón grande.
- Un anaco duns 50 cm de fío grosso.
- Unhas tesoiras.



Como se fai

- Corta o fío da medida indicada e pasa os extremos polos furados do botón.
- Ata os extremos e xa tes a zoadeira!
- **Para facela zoar**, tes que coller un extremo do fío con cada man, situar o botón no centro do fío e darlle voltas ao botón nun mesmo sentido. Ao tensar e destensar o fío, o botón dará voltas moi rápidas sobre si mesmo e poderás escoitar o seu zoar.




Xogo de memoria

No fondo dun estante do chineiro apareceu este xogo de memoria no que terás que xuntar unha adiviña coa súa saborosa solución.

O primeiro que hai que facer é preparar o xogo: pega as tarxetas en cartón ou cartolina da mesma cor, recorta cada unha delas e listo.

E como se xoga? Pois moi sinxelo: busca con quen xogar e logo pon boca abaixo as tarxetas, dun lado as adiviñas e doutro os debuxos. Comeza a persoa máis nova. Levanta unha tarxeta de adiviña e outra do lado das posibles solucións. Se é correcta, continúa xogando e, se non o é, colocará as tarxetas boca abaixo no mesmo lugar e tocaralle tentalo á seguinte persoa seguindo a dirección das agullas do reloxo.

Pódese xogar tamén de xeito colaborativo e mesmo engadir novas adiviñas!



Sandía

Camino branco,
verde pradaria,
casa encarnada
e veciñas negras.

Ten ollos e non ve,
ten pés e non anda
e por dentro é branca.



Pataca


✂ Cola a folla nun cartón ou cartolina e recorta as tarxetas.




Cebola

Na horta son criada,
na horta fun nacida,
e fago chorar a todos
os que me miran partida.

Minha nai é tatexa,
meu pai é cantador,
teño un vestido branco
e marelo o corazón.



Ovo




Oliva


Verde é o meu vestido,
de pau o meu corazón.
O que hoxe non o adiviñe
é un grande burricón.



Ten de sombreiro
un verde plumeiro,
a saia amarela
por baixo da terra:
esta dona é...
Que dona é ela?



Cenoria



Peixe

Que é algo
e ao mesmo tempo nada?

Verde na terra,
branco na artesa,
quente no forno,
gordo na mesa.



Pan



Cola a folla nun cartón ou cartolina e recorta as tarxetas.

Son redonda coma o mundo,
para morrer toda me esgazan,
déixanme só o peello
e todo o zume me sacan.



Uva



Limón

Marelo por fóra,
branco por dentro
e fai rabiar
a quen ten que comelo.

Verde foi o meu nacemento,
encarnada a miña mocidade,
e sempre me poño negra
cando me van apaniare.



Amora

Unha brincadeira de receita



O chineiro tamén garda un libro de cociña con receitas moi especiais, como esta que che descubrimos: préstache cociñar uns ovos con patacas fritas, pero sen patacas e sen ovos, e sorprenden as túas amizades?

Ingredientes

 Mazá.

 Pexegos en xarope.


 Iogur natural.

Como se fai


1 Pon o iogur nun prato como se fose a clara do ovo.



2 Colle unha metade de pexego e pona sobre o iogur. Está será a xema do ovo.



3 Plana a mazá, quítalle o corazón con tino e córtala en tiras. Xa tes as patacas prontas.



A comer! 

Obradoiros para xogar

Buxaina



Remexe polos caixóns do chineiro, que de seguro has atopar o material necesario para construíres unha chea de enredos e xoguetes. Nós propoñémosche un par deles.

Precisamos

- Cartóns de refugallo.
- Escarvadentes de madeira.
- Ceras de cores para decorar.
- Os modelos para facer os deseños.
- Tesoiras, pegamento, punzón e lapis.

Como se fai

- Calca co lapis os modelos nos cartóns.
- Decora e pinta os cartóns ao teu gusto.
- Recorta as figuras e pégaas unha enriba da outra.
- Cun punzón failles un burato no centro ás figuras.
- Mete o escarvadentes polo burato e faino pasar 2 cm polo outro lado.
- Asegúrao con pegamento de contacto e déixao secar. Xa tes a túa buxaina! Agora só che falta facela xirar.



+7 anos

Un trasno no chineiro



XOGO DE PISTAS PARA FESTAS E CELEBRACIÓNS DE TODO TIPO

Seguro que reparaches en que hai mañás nas que acordas coa roupa da cama no chan e non sabes o que puido pasar, xa que ti lembras deitarte coas orellas ben tapadiñas. Ou días nos que despois de recoller os xoguetes e libros e deixalos moi ben gardados aparece algún ciscado por aí e non sabes como, porque ti recollíchelo todo perfectamente. Pois se cadra tes un trasno na casa, vivindo no chineiro. Non te preocupes, non son perigosos, pero gústanlles moito as brincadeiras e as bromas.

Este trasno veciño teu agochou algo moi valioso na casa e, como é un fervello, quérete poñer a proba para que deas co escondedoiro. Estás disposta, disposto para tentar resolver as pistas e incógnitas e descubrires que foi o que agochou?

Se queres xogar ti, non leas a preparación do xogo nin as seguintes páxinas coas mensaxes que deixou o trasno e dille a algunha persoa adulta que cho prepare. Non fagas trampas! Canto menos saibas, máis divertido. Se queres sorprender as túas amizades, le con atención como hai que preparar o xogo.

Preparación do xogo



- 1 Escolle, busca, constrúe... o que queiras agochar. Pode ser un pequeno agasallo, as candeas da torta de aniversario, un debuxo, unha sorpresa...
- 2 Agóchao no escondedoiro que aparece na última das pistas.
- 3 Recorta as fichas coas pistas e agóchaas no lugar escrito na parte inferior. Podes empregar sobres para que non se estraguen nin se perdan as pistas.
- 4 Repara en que a primeira pista dáse na man.
- 5 Ti decides o difícil que queres que sexa o xogo escollendo algúns dos agochos. A xogar! 😊



O trasno fedello do chineiro andou a facer das súas e agochou algo moi prezado nun lugar secreto. Mais, como aos trasnos gústalles xogar, deixou unha chea de pistas e enigmas para poder atopar o agocho. Só as persoas máis agudas serán quen de conseguilo e descubrir que é o que agochou. Queres intentalo? Pero moito tino, que se cadra o trasno está a espreitar e fai algunha falcatruada máis. Moita sorte!

DIRIXÍTE AO BAÑO E REMEXE POR AÍ.
HAS DE ATOPAR OUTRA PISTA.



(Na man)

1

Se ordenas correctamente estas letras poderás seguir o teu camiño.


2

(Baño)

A R M A R I O


3

Olla este corpo humano e completa o oco para poderes continuar.



(Armario)


A pista seguinte está agochada nun



(Cadeira)


4

Somérxete neste labirinto e, apanhando as letras que atopas no camiño correcto, poderás continuar a túa busca.




(Libro)

5



6

(Forno)



7



(Coxín)

Atopaches o agocho do trasno!
Parabéns!



(Cama)

8



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22